

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE CICLO

EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO 2021-2022

CEIP PLURILINGÜE DE CARNOTA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	2
2. OBXECTIVOS XERAIS	4
3. CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	7
4. CONTIDOS XERAIS	10
5. EDUCACIÓN EN VALORES	23
6. METODOLOXÍA	24
6.1. AMBIENTE DE APRENDIZAXE	24
6.2. PERSPECTIVA DIDÁCTICA	25
6.3. O PAPEL DO PROFESORADO	26
6.4. O PAPEL DO ALUMNADO	26
6.5. AGRUPAMENTOS	27
6.6. APERTURA AO CONTORNO	27
7. COORDINACIÓN ENTRE CICLOS E ETAPAS	29
8. ACTIVIDADES	29
9. PLANS E PROXECTOS DO CENTRO	30
10. ADAPTACIÓN DO PROTOCOLO COVID-19 ÁS AULAS	31
11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO	33
12. LIÑAS XERAIS DE PLANIFICACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN	33
13. AVALIACIÓN	35
14. CONCLUSIÓN	39

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Primeiramente, cabe sinalar que se entende por programación didáctica. Tal e como recolle a *Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, esta é o instrumento específico de planificación, desenvolvemento e avaliación de cada unha das áreas do currículo. Dita programación é elaborada polo profesorado que integra o equipo de ciclo e ten carácter globalizado e integrador, atendendo á necesaria coordinación entre os cursos que compoñen o ciclo, así como entre as áreas que integran o currículo. Este documento, o cal se corresponde co terceiro nivel de concreción, bebe da programación xeral anual do centro educativo, do *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia* e da *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación* parcialmente modificada pola *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*.

A elaboración da programación mostra a importancia da planificación na educación infantil como elemento imprescindible para unha educación eficaz e de calidade. Desenvólvese así un documento que guía a acción educativa, o que dará lugar a unha aprendizaxe máis estruturada, organizada e coherente. Non obstante, este é un plan inicial, aberto e flexible que se debe adecuar aos diferentes momentos educativos: contexto actual (moi importante na situación actual debido a situación epidemiolóxica xerada pola COVID-19), necesidades e intereses do alumnado,...

A súa temporalización encóntrase enmarcada segundo o determinado pola *Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o*

curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

O CEIP Plurilingüe de Carnota, segundo catálogo, consta de dúas unidades de Educación Infantil (este ano, ao igual que no anterior, habilitouse unha aula máis debido ao gran número de alumnado desta etapa educativa) e seis de Primaria, o cal se encontra regulado polo *Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria*. Este centro sitúase no concello de Carnota caracterizado por unha economía baseada na actividade pesqueira e o sector servizos, cun nivel socioeconómico medio.

O centro conta con dous edificios, o principal e un pavillón, un patio cuberto e un patio ao aire libre.

Na aula aplican docencia ademais da titora, o mestre de música, o mestre de psicomotricidade, o mestre de inglés e a mestra de relixión. Ademais, este ano contamos con mestra de apoio.

Existen tres titoras nesta etapa educativa. A primeira delas imparte a unha aula conformada por 11 nenos e nenas de 4º nivel, a segunda a unha aula de 19 nenos e nenas de 5º e a terceira a unha aula de 17 nenos e nenas de 6º. Este alumnado segue un nivel de desenvolvemento psicomadurativo acorde á súa idade, exceptuando dous casos. O primeiro deles refírese a un alumno diagnosticado con TEA (cinco anos) e o outro é un pequeno diagnosticado con retraso global do desenvolvemento que se encontra flexibilizando e está escolarizado tamén en cinco anos. Resaltar tamén que en catro anos se incorpora un alumno por primeira vez ao sistema educativo e ao cal a principio de curso se lle realizará un breve período de adaptación. A lingua vehicular das

tres aulas é o galego, por ser esta a lingua materna predominante dos nenos e nenas.

O horario do centro é de xornada continua de 9:45 a 14:45 da mañá, e os luns de 16:30 a 18:30. Ofrece servizo de transporte, que cubre tres liñas. Ademais, todas as tardes ten a biblioteca escolar aberta en horario 16.30 a 18.30.

2. OBXECTIVOS XERAIS

En primeiro lugar, cabe definir que se entende por obxectivos. Estes son as capacidades que se espera que consiga o alumnado ao finalizar a etapa, neste caso, de educación infantil. Así mesmo, deben atender a cinco grandes capacidades: motrices, afectivas, intelectuais, de relación interpersoal e de interacción social. A súa especificación aparece recollida no *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, e adecuándose para o noso contorno e centro quedan definidos da seguinte maneira:

- Área 1. Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal
 - Formarse unha autoimaxe axustada e positiva de si mesmo, identificando as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía persoal.
 - Coñecer e representar o propio corpo e o dos demais, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións.
 - Identificar os propios sentimentos, emocións, e ser capaces de expresalos, así como de identificar e respectar os das outras persoas.
 - Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas e resolver problemas da vida cotiá.

- Adecuar o seu comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas, presentando unha actitude de respecto e axuda cara os demais.
 - Avanzar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene e a alimentación.
 - Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación.
 - Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais.
 - Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio para o seu desenvolvemento global.
 - Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Área 2. Coñecemento do contorno
- Observar e explorar de forma activa o seu contorno e mostrar interese polo seu coñecemento.
 - Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno e identificar os factores que os producen, desenvolvendo actitudes de coidado e respecto pola súa conservación.
 - Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos.
 - Relacionarse coas demais persoas, de forma cada vez máis equilibrada interiorizando as pautas elementais de convivencia.
 - Coñecer distintas características de grupos sociais próximos a súa experiencia.
 - Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración,... atendendo ás normas sociais.

- Apreciar e facer seus elementos significativos propios da cultura do seu contorno e da cultura galega.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando elementos, identificando atributos e calidades, agrupando, clasificando,...
- Usar o coñecemento matemático para interpretar a vida.
- o Área 3. Linguaxes: comunicación e representación
 - Usar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.
 - Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais tales como a mirada, os xestos, o silencio,... como elementos comunicativos.
 - Comprender que as palabras, números, notas musicais,... poden representar ideas, sentimentos,...
 - Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.
 - Comprender a intencionalidade comunicativa doutras persoas a través dunha actitude positiva.
 - Achegarse ao inglés a través de actividades contextualizadas.
 - Iniciarse na lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
 - Comprender, reproducir, reescribir e recrear textos.
 - Aproximarse á biblioteca como medio de información e gozo.
 - Potenciar a creatividade a través das diversas linguaxes artísticas para crear, inventar, imaxinar,...
 - Iniciarse no recoñecemento de diversas obras artísticas.

- Desenvolver a súa autoconfianza para realizar producións artísticas, amosando interese pola súa mellora e respectando as creacións dos demais.
- Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

3. CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Primeiramente, sinalar que se entende por competencia. Esta segundo o decreto curricular é a capacidade de pór en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. Por tanto, as oitos sinaladas no currículo deben impregnar todo o proceso de ensino aprendizaxe.

Á súa vez, están intimamente relacionadas cos contidos que abarcan cada unha das áreas de aprendizaxe.

Contribuirase a cada unha das competencias cando se empregue un enfoque globalizador, partindo dos intereses dos nenos e nenas.

Concretando cada unha das competencias:

- o Competencia en comunicación lingüística:
 - Falar.
 - escoitar.
 - Interpretar.
 - Comprender.
 - Aproximarse á lectura.
 - Achegarse á escritura.

- Comunicar.
- Competencia matemática:
 - Agrupar.
 - Seriar.
 - Comparar.
 - Clasificar.
 - Ordenar.
 - Calificar.
 - Contar.
 - Descompoñer.
 - Deducir.
 - Razoar.
 - Hipotizar.
 - Interpretar.
 - Relacionar.
- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico:
 - Explorar.
 - Observar.
 - Interpretar.
 - Interactuar.
 - Comprender.
 - Predicir.
 - Orientarse espacial e temporalmente.
 - Localizar.
 - Investigar.

- Tratamento da información e competencia dixital:
 - Buscar e obter información.
 - Procesar información.
 - Comunicar.
 - Valorar criticamente.
 - Transformar a información en coñecemento.
- Competencia social e cidadá:
 - Relacionarse.
 - Compartir.
 - Axudar.
 - Pedir axuda.
 - Convivir.
 - Tolerar.
 - Adquirir habilidades sociais.
 - Coñecer a realidade social.
- Competencia cultural e artística:
 - Observar.
 - Valorar criticamente.
 - Coñecer obras artísticas: musicais, plásticas,...
 - Pór en práctica diferentes técnicas plásticas.
 - Identificar sons.
 - Valorar o silencio.
 - Empregar os xestos como elementos comunicativos.
- Competencia para aprender a aprender:
 - Organizar.

- Planificar.
- Decidir estratexias.
- Transformar a información.
- Aplicar o aprendido.
- Buscar respostas.
- Autonomía e iniciativa persoal:
 - Autocoñecer.
 - Desenvolver a súa autonomía.
 - Avanzar na súa iniciativa.
 - Responsabilizarse.
 - Adquirir valores persoais.

4. CONTIDOS XERAIS

Os contidos son o medio a través do cal os alumnos e alumnas lograrán a consecución dos obxectivos sinalados anteriormente.

Estes desenvolveranse estruturados en experiencias e situacións que atenden ás motivacións, necesidades e intereses do alumnado. Así mesmo, partírase do principio de significatividade e globalización.

- Área 1. Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal
- Bloque 1. O corpo e a propia imaxe
 - Exploración do propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e as posibilidades para chegar a toma de conciencia do propio esquema corporal.
 - Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades básicas do corpo.
 - Adquisición de confianza nas capacidades propias.

- Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.
- Potenciación da construción do esquema corporal a partir das sensacións e das percepcións do propio corpo, en relación e interacción cos datos que o neno ou nena recibe das outras persoas, do medio e dos obxectos. Vivencia do corpo como un todo para pasar progresivamente a sentir as partes que o integran.
- Recoñecemento das percepcións sensoriais propioceptivas e das percepcións exteroceptivas.
- Aceptación da propia imaxe corporal e gozo xogando co seu corpo, desenvolvendo accións e iniciativas individuais e grupais, empregando as posibilidades expresivas do propio corpo.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e interese propios e das demais persoas.
- Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que o rodea, e como medio favorecedor do desenvolvemento cognitivo.
- Observación dos cambios físicos nas persoas ao longo do tempo.
- Identificación das diferentes etapas da vida, valorándoas positivamente.
- Valoración positiva e respecto polas diferencas, aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias.
- Recoñecemento e vivencia das referencias espazo-temporais en relación co propio corpo, cos obxectos, co entorno e coas demais persoas.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado feminino e masculino. Mantemento dunha actitude crítica ante os estereotipos ofertados a través da publicidade o outros medios de

comunicación social.

○ Bloque 2. Xogo e movemento

- Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción, mostrando actitudes de iniciativa e constancia.
- Gozo co xogo como medio para coñecer a realidade, mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con persoas adultas.
- Aceptación do xogo como medio de disfrute e de relación cos demais.
- Adaptación do ton e da postura ás características do obxecto, da outra persoa, da súa acción e da situación.
- Satisfacción polo crecente dominio persoal.
- Aceptación de compromisos, establecendo acordos en consideración a súa persoa, a outras e o seu medio, fortalecendo vínculos afectivos. Comprensión, aceptación e valoración das regras para xogar.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas, partindo do coñecemento e valoración dos xogos propios da comunidade e abríndose ao coñecemento e gozo dos das outras persoas.
- Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas.
- Adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais: desenvolvemento das habilidades motoras, do control do ton, do equilibrio e da respiración.
- Adquisición de nocións básicas de orientación e de coordinación de movementos.
- Potenciación das súas capacidades motora, de coordinación e de

orientación no espazo.

- Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, mostrando iniciativa para aprender habilidades novas.
- Bloque 3. A actividade cotiá
 - Regulación do propio comportamento, satisfacción pola realización de tarefas e conciencia da propia competencia.
 - Interese por participar en actividade da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización, regulando o propio comportamento, para camiñar cara a resolución pacífica de conflitos.
 - Habilidades para a interacción e colaboración, así como unha actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e iguais, aceptando a diversidade.
 - Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Bloque 4. O coidado persoal e a saúde
 - Recoñecemento das necesidades básicas do corpo: hixiene, alimentación...
 - Iniciación na práctica de accións e recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e adquisición de hábitos saudables como a hixiene corporal e ambiental, a adecuada alimentación, o consumo responsable e o descanso.
 - Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
 - Petición e aceptación de axuda nas situacións que así o requiran.

- Valoración da axuda doutras persoas.
 - Identificación e valoración de hábitos favorecedores ou non dunha boa saúde.
 - Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
 - Gusto por un aspecto persoal coidado manifestando as súas preferencias estéticas (vestimenta, peiteados, adornos...).
 - Emprego responsable e adecuado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
 - Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes domésticos, respondendo con actitude de tranquilidade e colaboración.
- Área 2. Coñecemento do contorno
 - Bloque 1. Medio físico: elementos, relacións e medida
 - Interese pola exploración dos obxectos e materias presentes no medio recoñecendo as súas funcións e usos cotiás e mantendo unha actitude de respecto e coidado cara obxectos propios e alleos.
 - Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, examinando con atención as súas características e a súa aplicación na vida diaria.
 - Interese pola clasificación de obxectos e de materiais e aproximación á cuantificación de coleccións.
 - Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do entorno.
 - Recoñecemento do uso do número na vida diaria e inicio no rexistro de

cantidades. Empleo dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade sempre en situacións contextualizadas e significativas.

- Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.
- Utilización da acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais.
- Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá.
- Utilización de xogos de mesa como actividades lúdicas que unen o razoamento, a reflexión e o divertimento en grupo.
- Investigación do comportamento físico de diferentes materiais e obxectos, en diferentes situacións e con varias accións.
- Aproximación a algunhas magnitudes físicas (peso, lonxitude, capacidade, tempo) a través da estimación: comparando, sopesando, observando...
- Recoñecemento e identificación de situacións nas que se fai necesario medir. Interese e curiosidade polos instrumentos de medida convencionais e non convencionais facendo unha aproximación no uso.
- Adquisición progresiva da noción do paso do tempo mediante as actividades da vida cotiá.
- Orientación temporal en situacións cotiás empregando diferentes nocións e relacións. Aproximación o uso do calendario.
- Establecemento de relacións de orientación espacial de localización,

dirección, distancia e posición respecto a obxectos, persoas e lugares, nomeándoos adecuadamente e empregando o vocabulario topolóxico elemental.

- Exploración lúdica das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos elementais.
- Vivencia, representación e interpretación do espazo, empregando a imaxinación en debuxos, planos, fotografías, mapas ou outros.
- o Bloque 2. Achegamento á natureza
 - Identificación e afondamento no estudo dalgunhas características e funcións vitais dos seres vivos empregando a exploración sensorial.
 - Diferenza entre seres vivos e obxectos inertes.
 - Observación dun ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, rexistrando a observación e contrastando os datos entre compañeiros/as.
 - Observación dalgunhas características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos.
 - Identificación dalgunhas características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento e etapas de desenvolvemento das persoas e outros seres vivos.
 - Curiosidade, respecto e coidado cara os elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.
 - Descubrimento das diferentes formas nas que se atopa a auga na natureza, comprendendo a súa contribución o desenvolvemento dos seres vivos e do medio, valorando a necesidade da súa conservación e de facer un uso responsable dela.

- Identificación dos cambios que se producen en canto á luminosidade, a posición do sol, os ciclos da lúa... ao longo dun día, dos meses e das estacións do ano.
 - Formulación de hipóteses, contrastándoas coas das outras persoas, buscando respostas e explicacións sobre as causas e consecuencias de fenómenos do medio natural (calor, chuvia, vento, día, noite...) e de producidas pola acción humana (pontes, embalses, muíños de auga...).
 - Gozo ao realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar, apreciando o medio natural como un espazo para a recreación, a aventura e a conservación, a realización de actividades ao aire libre e en contacto con elementos da natureza.
 - Participación en proxectos e investigacións no medio natural, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións.
- o Bloque 3. Cultura e vida en sociedade
- Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que neles se establecen, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades.
 - Recoñecemento e respecto dos diferentes tipos de familias.
 - Valoración das relacións afectivas que se establecen na familia e na escola.
 - Interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos/as doutras culturas.

- Aproximación ás funcións que compren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e aportar servizos presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas.
 - Colaboración co resto dos compañeiros/as na vida da aula, mostrando disposición para compartir e resolver conflitos.
 - Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento.
 - Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega apreciando os cambios que se producen no modo de vida co paso do tempo. Sucesos e persoas relevante na historia da súa comunidade, do seu país e do mundo.
- Área 3. Linguaxes: comunicación e representación
 - Bloque 1. Linguaxe verbal

Escoitar, falar e conversar

- Utilización e valoración progresiva da linguaxe oral para evocar e relatar feitos; para adquirir coñecementos; para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións; para facer peticións ou como mecanismo para regular a propia conducta e a das demais persoas.
- Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado, aumentando a precisión na busca dunha maior estruturación das súas frases.
- Participación de forma oral en conversacións, narracións, anécdotas, chistes, xogos colectivos e outros, incrementando o vocabulario, empregando con crecente precisión, con entoación adecuada, pronunciación clara e empregando estruturas oracionais que enriquezan as propias competencias comunicativas.
- Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en

diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas usando argumentos nas súas conversacións, respectando quendas e escoitando atentamente.

- Acomodación progresiva dos seus enunciados aos formatos convencionais.
- Emprego adecuado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas, saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumpridos...
- Interese por participar en interaccións orais na lingua estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación, mostrando unha actitude positiva cara a esa lingua.

Aproximación á lingua escrita

- Aproximación á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.
- Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.
- Diferenciación entre formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Percepción de diferencias e semellanzas entre palabras atendendo a propiedades cuantitativas (cantidade de letras, palabras longas e palabras curtas) e propiedades cualitativas (variedade de grafía).
- Iniciación no coñecemento do código escrito a través de palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.
- Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos

e lexibles.

Aproximación á literatura

- escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente de contos, relatos, lenda, poesías, rimas, teatro, adiviñas,... tanto tradicionais como contemporáneos, e nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartido.
 - Dramatización de textos literarios, desfrute e interese por expresarse con axuda de recursos non lingüísticos.
 - Memorización e recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, desfrutando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.
 - Participación creativa en xogos lingüísticos (encadeados de palabras, adiviñas, trabalinguas...) acompañados de respostas corporais (xestos, movementos, ritmos...) para divertirse e para aprender na compañía de iguais e de persoas adultas.
 - Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias.
 - Introducción no uso da biblioteca de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.
- Bloque 2. Linguaxes artísticos: plástico, musical e corporal
- Exploración sensorial dos elementos presentes no entorno integrando actividade de tocar, ulir, oír e ver.
 - Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.

- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica: liña, forma, cor, textura, espazo e volume.
- Gozo coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión: cor, forma, liña, movemento, volume, textura, ritmos, melodías, timbres entre outros, que lle permitan os nenos/as desenvolver a súa sensibilidade estética.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes (papel, cartón, alambre, plástico, teas...) e de distintas técnicas (debuxo, pintura, collage, amasado, modelado...) como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias...
- Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.
- Descubrimento das posibilidades creativas e plásticas da luz, das sombras e da cor, empregando recursos como a luz natural, lanternas, lámpadas.
- Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas presentes na aula, no contorno, en museos e exposicións reais ou virtuais, talleres de artistas e persoas artesanais manifestando ou compartindo a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que producen, así como indicando o que gusta e o que non.
- Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica, o seu desenvolvemento e posterior comunicación, valorando a realización de bosquexo para a consecución dunha melloría na produción.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de

obxectos cotiás e de instrumentos musicais. Utilización dos sons atopados para a interpretación e a creación musical.

- Vivencia do son e do silencio.
 - Recoñecemento de sons do entorno natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos.
 - Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xera a música.
 - Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas.
 - Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.
 - Creación, mediante a música e o baile, dos propios patróns, recreando situacións, ideas, feitos e sentimentos,... compartindo con outras persoas as propias creacións.
 - Vivencia de xestos e movementos como recurso corporais para a expresión e a comunicación e o intercambio afectivo.
 - Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal (mimo, monicreques, teatro de sombras...), colaborando na elaboración dos elementos necesarios para unha ambientación adecuada.
- Bloque 3. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e da comunicación
- Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.
 - Aproximación a producións audiovisuais como películas, series de

animación ou videoxogos.

- Adquisición progresiva da conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.
- Aproximación ao uso do ordenador, a cámara fotográfica,... a través de programas de edición de textos, xogos interactivos, música, fotografar,...
- Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais.

5. EDUCACIÓN EN VALORES

Nas aulas, traballarase a educación en valores, igual que todos os demais aspectos, dunha maneira globalizada a través das distintas actividades que se desenvolverán durante o curso académico. A finalidade básica é a de contribuír a desenvolver a capacidade das persoas para integrarse na sociedade. Segundo o *Decreto 330/2009, do 4 de xuño*, potenciaranse os valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos,... Para tal fin, ademais dos coñecementos de diversas disciplinas hai certas cuestións na época actual que reclaman unha atención prioritaria como é a educación para a saúde debido á situación epidemiolóxica actual, polo que se focalizará moito nas tres aulas a atención da hixiene e lavado das mans. Ademais desta, tamén destacar a educación emocional, debido aos múltiples cambios que viviron os pequenos/as en tan pouco tempo.

Outras temáticas, a maiores, a desenvolver serán a educación ambiental, viaria, para o consumo responsable, para a igualdade de homes e mulleres,...

Todos estos valores traballaranse na aula en diferentes momentos, como son nas rutinas, en actividades específicas de aula, complementarias, de conmemoración,...

6. METODOLOXÍA

En primeiro lugar, cabe sinalar que a metodoloxía segundo García Torres e Arranz constitúe o conxunto de estratexias, agrupamentos, criterios para a selección e uso de materiais,... que compoñen as formas coas que se levará a cabo o proceso formativo. Para a súa concreción, hai que ter en conta as orientación sinaladas no currículo de Educación infantil.

6.1. AMBIENTE DE APRENDIZAXE

No referido aos espazos, é preciso que se organicen os espazos tendo en conta que dean resposta aos diferentes tipos de necesidades dos nenos/as, o que leva a planificar espazos para satisfacer as súas necesidades de tipo físico, pero tamén afectivo, de convivencia, exploración, autonomía, actividade,... Estes, así mesmo, deben crear un ambiente amable e agradable que lle posibilite ao alumnado sentirse cómodo e seguro, o que lle permitirá experimentar, expresarse e desprazarse de maneira autónoma sen coartar as súas ansias de aventura. Así mesmo, a organización deste aspecto debe garantir a flexibilidade, posibilitando que non todos fagan o mesmo ao mesmo tempo e permitindo unha variedade de usos dos diferentes espazos, sempre cumprindo coas instrucións xeradas pola Consellería de Educación derivadas da COVID-19.

Atendendo ao tempo será necesario organizar o tempo baixo presupostos de flexibilidade, de xeito que se permita adecualo ás características das tarefas e ao ritmo dos pequenos. É necesario que se combinen tempos de rutinas con

tempos de actividades específicas, tendo sempre en conta a curva da fatiga de Kraempelin e destacando, sobre todo, a necesidade do tempo de xogo.

Finalmente e con respecto aos materiais, os didácticos deben ser atractivos, sólidos, variados, seguros, resistentes, fáciles de limpar, estéticos, versátiles. Ademais, Gimeno Sacristán, destaca que é importante que sexan realistas, duradeiros, funcionais e non discriminatorios. Nas tres aulas, hai crebacabezas, pezas de construír, xogos de lóxica, material funxible como gomas, lapis, ceras, rotuladores, tecnolóxicos como o ordenador e o encerado dixital, etc.

Non obstante, debido a situación epidemiolóxica actual, a maioría de todos eles gardaranse mantendo unicamente os mínimos e imprescindibles, os cales a maiores deben ser facilmente lavables e desinfectados logo do seu uso.

6.2. PERSPECTIVA DIDÁCTICA

A proposta educativa debe ser activa, participativa, afectiva, motivadora, valorando os coñecementos previos, capacidades e necesidades dos nenos/as,... É dicir, enmárcase na perspectiva construtivista baseándose en diferentes autores tales como Piaget, Vygotsky, Bruner, Ausubel e Decroly. Como principios de intervención a remarcar, sinalar os seguintes:

- Posta en práctica do procedemento de desequilibrio-reordenación-equilibrio co obxectivo de que o neno/a vaia superándose continuamente por un proceso de asimilación e acomodación dos seus esquemas.
- Importancia do contorno natural e social do neno/a, o cal ten gran influencia e cuxa axuda potenciará a súa zona de desenvolvemento próximo.
- Fomento da aprendizaxe por descubrimento, é dicir, que os nenos/as constrúan o seu coñecemento e da aprendizaxe significativa, xa que a correcta incorporación de novos contidos debe realizarse a través da relación

coa estrutura cognitiva xa existente (coñecementos previos).

- Acomodación ás características evolutivas propias dos alumnos/as.
- Propostas globalizadoras.
- Emprego de actividades motivadoras, polas que os nenos/as sintan interese e curiosidade, e que se realizarán a través do xogo e tendo como fío condutor un ambiente de afecto.
- Papel do mestre como guía activo para o alumnado.
- Apertura da aula tanto ao centro educativo como ao contorno máis próximo. Neste punto, destacar que na actualidade dita apertura vai a depender de como evolucione a pandemia, pois a creación de “aulas burbullas” leva implícito a falta de contacto coas outras e co contorno.

6.3. O PAPEL DO PROFESORADO

O noso papel como docentes será de guías e orientadoras, co fin de impulsar ao alumnado a observar, imaxinar, formular hipóteses,... o que nos axudará a construír novas aprendizaxes. Partiremos dos coñecementos previos do alumnado para favorecer a aprendizaxe significativo de Ausubel, e crearemos un ambiente no que se valore positivamente ás criaturas, estimulando a súa creatividade e contrarrestando os estereotipos. Ademais evitaremos as discriminacións e as comparacións entre o alumnado e aproveitaremos os seus erros para realizar novas aprendizaxes. Unha boa relación cos nenos/as axudaralles a formar unha boa autoestima e autoconcepto.

6.4. O PAPEL DO ALUMNADO

O alumnado é o protagonista principal do proceso de ensino-aprendizaxe en todo momento. Pártese dos seus coñecementos previos co fin de promover unha aprendizaxe significativa, e vaise adaptando ao seu desenvolvemento, ao seu

ritmo e interese.

6.5. AGRUPAMENTOS

Con respecto aos tipos de agrupamentos, sinalar que estes teñen como finalidade atender a diversidade do alumnado e tamén ás diferentes actividades que se levan a cabo na aula. A causa disto, ao longo do curso académico existirán actividades individuais para centrar a atención nun alumno/a de maneira individualizada; parellas ou pequeno grupo para fomentar a interacción social entre os pequenos/as e a axuda entre os diferentes niveis de capacitación (referímonos aquí a pequeno grupo a aqueles que se conformaron dende principio de curso para buscar a mínima interacción co restante alumnado); e en gran grupo, fomentando o clima de pertenza á aula, así como a socialización, cumprindo sempre coas instrucións e o protocolo dados dende a Consellería.

6.6. APERTURA AO CONTORNO

A educación infantil é unha tarefa compartida coas familias, co profesorado e con outras institucións. Coordinarse entre todos os profesionais que interveñen nesta etapa é indispensable para asegurar a coherencia e a continuidade no ensino. A labor educativa comeza sempre na familia, o que implica que como mestres completemos dita responsabilidade, ampliando as experiencias que o alumnado adquiriu no seu marco familiar.

Por todo elo, levaranse a cabo múltiples accións destinadas a buscar a máxima participación destas, entendendo que vivimos nun contexto onde este aspecto non se pode levar a cabo como se facía ata o de agora.

Para elo, cóntase como canle de participación oficial, o Consello Escolar, onde hai representación das familias, e a ANPA.

No referido a participación esporádica, se non se modifica a situación actual non se vai a poder permitir visitas, contacontos de familias,... Por outra banda, a transmisión de información bidireccional si será continua, tanto a través da hora semanal de titorías (a cal se realizará preferentemente a través de vía telefónica ou correo electrónico) que se fixa na PXA, como das reunións globais, tal e como se recolle na *Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria*, así como de informes de avaliación e a carpeta individual que ten cada neno/a e que se leva para a casa todos os días. En relación a isto, resaltar a importancia do intercambio desta, para que as tres mestras poidamos coñecer aqueles aspectos familiares que poidan repercutir no rendemento académico do neno/a, así como transmitir nós calquera dato que consideremos oportuno.

Ademais, antes do inicio do curso cada aula por separado (co obxectivo de minimizar o tamaño das reunións) realizará unha reunión cos pais/nais no salón de actos cumprindo coas normas de seguridade actuais e coa finalidade de presentarlles o protocolo de adaptación COVID-19 (as principais pautas están a continuación), así como pautas recomendables para o transcurso do curso académico.

Ademais destes canles de comunicación, empregaremos tamén AbalarMóbil, así como a nivel de centro se empregará a páxina web.

Dicir tamén que a acción educativa transcende o marco escolar e debe converterse nunha responsabilidade compartida con institucións, asociacións e outros colectivos sociais, como o concello, centros cívicos, bibliotecas públicas,...

7. COORDINACIÓN ENTRE CICLOS E ETAPAS

O traballo en equipo do profesorado e dos órganos de coordinación docente é imprescindible para a mellora da calidade da ensinanza, sobre todo, nun colexio con tan pouco alumnado e profesorado, sendo moi importante o sentimento de pertenza.

Entre as medidas curriculares que se levan a cabo para a coordinación destacar, entre outras, a continuidade nas programacións, coherencia nos criterios pedagóxicos e na progresión de programas, relación entre o tipo de actividades e materiais utilizados, intercambio entre equipos docentes a través dos coordinadores,...

Para finalizar, sinalar que os equipos docentes de educación infantil e primaria están en contacto periódico a través das múltiples reunións que se levan a cabo durante o curso académico.

8. ACTIVIDADES

Ao longo de todo o curso académico desenvolveranse actividades moi variadas e de distintos tipos e características. Estas actividades serán de motivación para despertar a curiosidade e o interese dos nenos e nenas; de desenvolvemento para alcanzalos distintos obxectivos propostos e traballalos contidos, e actividades finais para observar se os nenos/as alcanzan os obxectivos. Tamén, se deseñarán actividades de ampliación e reforzo para atender a aqueles nenos/as que mostren un nivel máis avanzado ou algunha dificultade. A maiores, levaranse a cabo actividades para celebrar todos e cada un dos días de obrigada conmemoración que veñen marcados na orde de calendario escolar.

Xunto a estas actividades e enmarcándonos no proxecto anual do centro Xulio

Verne, desenvolveranse múltiples actividades relacionadas coas distintas linguas, canles de comunicación,...

Finalmente, resaltar tamén as actividades complementarias e extraescolares, as cales se recollerán no correspondente documento e onde poderá haber saídas se mellora a situación actual ou se se compren as condicións sinaladas nas instrucións e protocolos da Consellería de Educación.

9. PLANS E PROXECTOS DO CENTRO

- PLAN DE CONVIVENCIA. Este plan foi aprobado pola *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*. Ten como finalidade a educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. A contribución nas aulas ao plan de convivencia farase fundamentalmente a través das normas de clase, que todos os días se cumprirán. Tamén se buscará a resolución pacífica de conflitos, procurando sempre que sexa posible que os problemas os resolvan os propios implicados.
- PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN. Este documento persigue o desenvolvemento do tratamento da información e competencia dixital e a integración das tics como ferramenta didáctica nos procesos de ensino-aprendizaxe.
- PLAN DE ORIENTACIÓN. Está enfocado a valorar as necesidades educativas, deseñar accións encamiñadas á atención temperá, participar na avaliación psicopedagóxica e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. Preténdese a coordinación permanente e eficaz da tarefa educativa, na que interveñen, os mestres/as, as familias e os propios alumnos/as considerados tanto de maneira individual como en grupo, a través da función titorial.
- PLAN DE ACOLLIDA. Neste plan, inclúense todas aquelas actuacións que deben facilitar a adaptación do novo alumnado.
- PROXECTO LECTOR. Está destinado ao fomento da lectura e da escritura así como a adquisición das competencias básicas e a utilización da biblioteca escolar e de aula, mediante a realización no centro de diferentes actuacións deseñadas por todo o equipo docente e coordinadas pola persoa responsable da biblioteca escolar. Entre elas, destacar a hora de ler.
- PROXECTO DE FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA. Este plan, que ten como obxectivo potenciar o uso do galego, desenvolverase a través do equipo de normalización e dinamización da lingua galega que ten como tarefa deseñar, coordinar e planificar as estratexias e actividades necesarias para levar a cabo este plan e cumprir así os seus obxectivos. Ditas actividades poranse en práctica nas tres aulas.

10. ADAPTACIÓN DO PROTOCOLO COVID-19 ÁS AULAS

Atendendo ao protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, así como as distintas instrucións, determináronse unha serie de medidas a levar a cabo nas aulas de educación infantil. Entre elas, sinalar:

- Conformación de “aulas burbulla”, de tal maneira que as tres aulas non estarán en contacto en ningún momento. Para levar a cabo isto, escalonarase os recreos para non coincidir en ningún momento. Así

mesmo, durante o seu transcurso os pequenos/as non poderán empregar ningún material que non sexa o que leven da súa propia aula.

- Formación nas aulas de pequenos grupos, os cales serán os que interaccionen entre os seus membros.
- Existencia de material individual de uso diario (lapis, goma,...), así como común para cada un dos grupos. Logo do uso do común, desinfectarase para a súa posterior utilización.
- Creación de distintos recantos nas aulas cos mínimos materiais posibles. Para o emprego destes espazos, primeiro será preciso lavar as mans, así como despois.
- Asignación de asentos fixo asignados a principios de curso.
- Lavado de mans, como mínimo, cinco veces ao día.
- Información ás familias do protocolo de adaptación á situación COVID-19, destacando en gran medida que as familias antes de chegar aos nenos/as ao transporte ou a colexio fagan unha exploración dos pequenos/as identificando se presentan síntomas compatibles con dita enfermidade.
- Emprego de diversas canles de información para transmitir información que poida xurdir en relación con este tema. Volver a recordar que, como está sinalado anteriormente, levarase a cabo unha reunión previa ao curso para presentarlle este plan de adaptación xunto con outros puntos destacables.
- En caso de actividade lectiva semipresencial ou non presencial, determinaranse distintas vías de comunicación atendendo a situación epidemiolóxica nese momento. Algunha delas pode ser o teléfono, o correo electrónico, AbalarMóbil, a páxina web do centro,...

11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Todos os alumnos e alumnas son diferentes en capacidade, estilos, motivacións e intereses de aprendizaxe, por iso hai que ter a súa disposición actividades de todo tipo e adaptadas aos distintos ritmos.

Esta programación adaptarase as necesidades individuais dun total de 47 nenos e nenas, por iso deséñase cun carácter aberto e flexible permitíndonos que unha mesma actividade se realice de diferentes formas segundo as diferencias de cada neno/a.

Con respecto aos tres alumnos mencionados anteriormente, ao primeiro dos pequenos/as de catro anos, en principio, realizaráselle un pequeno período de adaptación e non se considera que necesite máis que tres ou catro días, ao coñecer xa a varios dos seus compañeiros/as. Con respecto ao alumno diagnosticado con TEA, este conta cunha cuidadora parcial, así como varias sesións de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe. Nesta mesma situación, está o pequeno con retraso xeral do desenvolvemento.

12. LIÑAS XERAIS DE PLANIFICACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN

A incorporación do neno e da nena á educación infantil supón para el ou ela un gran cambio xa que significa unha ruptura co seu mundo e a entrada noutro máis amplo. Isto supón separarse da figura de apego e enfrontarse a unha situación descoñecida, un espazo novo que aínda non está revestido de afectividade, e compartir a atención, materiais e espazos con moitos outros nenos e nenas. O conflito que o alumnado vive por isto fai que se sinta menos protexido, podendo experimentar sentimentos de desorientación e abandono que lle producen inseguridade.

Para a organización do período de adaptación tense en conta a lexislación vixente que o regula. Así na *Orde do 25 de xuño do 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia* establécese que os centros educativos planificarán o período de adaptación co fin de favorecer a transición e garantir a integración do novo alumnado no centro.

Para comezar este período, levarase a cabo unha reunión cas familias uns días antes do inicio do curso escolar co obxectivo de que coñezan o centro e a mestra, se establezan pautas claras que axudarán ao momento da separación, aclarar a organización do período de adaptación e crear mecanismos para unha estreita relación familia escola.

Este período tamén é duro para a familia pois supón unha separación afectiva que pode levar consigo ansiedade e desconfianza por deixar ao seu fillo nun medio descoñecido. Seguindo a Oller, o período de adaptación é un dos máis relevantes na relación familia-escola, polo que teremos que reflexionar sobre como facilitar e acoller, tanto as familias como os nenos e as nenas á vez, e cal ten que ser o rol docente para que entendamos que somos todos os que nos adaptamos a este novo momento. Por elo, é importante manter unha actitude aberta e receptiva, establecendo as pautas deste período de maneira conxunta aportando confianza e seguridade tamén ás familias. A familia exerce unha grande influencia, dependendo de como vivan a separación: os temores, as expectativas, a seguridade, o grado de confianza nas posibilidades do neno ou nena e na escola,... que transmitirá o alumnado, influíndo na súa valoración da escola.

Farase, así mesmo, unha entrevista individual para coñecer os datos máis significativos das familias e o alumnado. Isto realizarase a través dun cuestionario que entregará a titora en dita reunión previa e que formará parte do expediente escolar do alumno/a.

Toda esta proposta se caracteriza por ter carácter flexible, atendendo aos distintos ritmos e necesidades. Procurarase manter unha atención individual, reforzando a confianza do neno en si mesmo para que vaia adquirindo seguridade nas súas capacidades e no entorno así como potenciando a súa autonomía. Para elo, tratarase de crear un ambiente afectivo, cálido e acoledor onde o alumnado se sinta seguro, querido e confiado para afrontar os retos da nova situación. Manterase ademais unha actitude aberta e receptiva tratando de recadar toda a información posible para programar unha educación adaptada.

Así mesmo, realizaranse actividades relativas á familiarización co centro, aula e á aprendizaxe de rutinas e hábitos baseadas no xogo como poden ser a presentación da aula e dos seus recantos, presentación dos mestres e, manipulación de diferentes materiais, exploración e xogo libre, introducindo as normas e rutinas cotiás.

Finalmente, sinalar que no inicio do curso planificarase unha organización especial con agrupacións e horarios flexibles que permitan adaptarse ao ritmo de cada neno ou nena e actividades encamiñadas a unha mellor adaptación.

13. AVALIACIÓN

En primeiro lugar, cabe definir que se entende por avaliación. Esta é un instrumento organizador, orientador e autocorrector do proceso educativo, tal e como se recolle na *Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación*

infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. Nesta, sinalase que a avaliación presenta como principal fonte e técnica de información, a observación directa e sistemática, xunto coa análise das producións dos nenos/as, as entrevistas coas familias,... Neste punto, resaltar que no caso de que xurda unha situación de formación semipresencial ou non presencial por culpa da COVID-19, valoraranse as producións que nos manden as familias, a información que nos transmitan,... Esta, así mesmo, debe ser global (atendendo a todos os aspectos do proceso educativo), continua (ao longo de todo el) e formativa (co obxectivo de axustar a intervención educativa e poder melloralala). Realizarase ademais en tres momentos: avaliación inicial, na que se obtén información inicial de cada alumno/a (tan importante no alumnado de nova incorporación); avaliación formativa, que se realiza durante todo o proceso e avaliación sumativa, a cal se leva a cabo ao finalizar o proceso e na cal se valora o grao de consecución das capacidades obtidas polos nenos/as en función dos obxectivos propostos. Tamén dicir que esta será individualizada, avaliando aos pequenos/as respecto á situación inicial e non ao rendemento medio da clase.

No referido aos criterios de avaliación, estes teñen como marco os obxectivos sinalados anteriormente e serán especificados para cada curso escolar nos correspondentes indicadores de avaliación, que, a súa vez, serán expresados nos informes anuais de avaliación, así como por trimestre se redactarán nos boletíns trimestrais.

Concretando os criterios de avaliación de ciclo, estes son os derivados do currículo e adaptados ao centro e ao alumnado:

- Área 1. Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- Recoñecer, identificar e representar o seu corpo e as súas diferentes partes.
 - Controlar o seu corpo coordinando os múltiples movementos.
 - Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.
 - Construír unha imaxe positiva de si mesmo, identificando as súas posibilidades e limitacións.
 - Recoñecer semellanzas e diferenzas entre as persoas.
 - Identificar e manifestar os seus sentimentos e vivencias e comprender e aceptar os dos demais.
 - Participar en xogos desenvolvendo a súa motricidade.
 - Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas.
 - Resolver con autonomía e iniciativa as actividades da vida cotiá.
 - Coñecer e pór en práctica hábitos de saúde, alimentación, hixiene e benestar.
 - Identificar situacións de risco e actuar ante elas.
- Área 2. Coñecemento do contorno
- Explorar os obxectos e elementos do contorno e actuar sobre eles recoñecendo os seus atributos. Agrupar, clasificar e ordenar elementos.
 - Empregar os números para identificar, contar, clasificar,... achegándose ao seu valor notacional e conceptual.
 - Propor e resolver problemas sinxelos da vida diaria, empregando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.
 - Recoñecer formas e aspectos xeométricos básicos.
 - Achegarse ao vocabulario topolóxico situándose en relación a obxectos e persoas.

- Comprender e empregar noções temporais básicas.
- Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e relacionar algúns dos seus compoñentes. Manifestar actitudes de coidado e respecto polo medio ambiente.
- Identificar as diferentes etapas da vida nos seres vivos.
- Coñecer os grupos sociais máis próximos do seu contorno e algunha das súas características.
- Recoñecer, identificar e pór exemplos de servizos comunitarios.
- Identificar algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a diversidade.
- Área 3. Linguaxes: comunicación e representación
 - Empregar a lingua oral para comunicarse cos demais.
 - Comprender diferentes mensaxes orais, mostrando unha actitude de escoita activa.
 - Amosar unha actitude positiva cara a aprendizaxe de inglés, interesándose nas múltiples actividades que teñen esta finalidade.
 - Amosar interese polos textos escritos, iniciándose no seu uso e comprensión. Participar en situacións de lectura e escritura na aula.
 - Producir diferentes textos con propósitos diversos.
 - Gozar coa escoita e lectura en voz alta de textos literarios.
 - Empregar a biblioteca como fonte de gozo, información e aprendizaxe.
 - Achegarse as linguaxes artísticas e audiovisuais empregando diferentes materiais e técnicas.

- Mostrar interese por explorar as posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir experiencias.
- Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de comunicación.

14. CONCLUSIÓN

Para rematar, sinalar que esta programación didáctica encóntrase interrelacionada cos demais documentos de centro e, a súa vez, debe ser especificada cada curso académico. Isto débese a que cada ano incorpórase alumnado novo, que ten unhas características específicas, as cales hai que atender da maneira máis individualizada posible.